

#ENCLAVEARCOIRIS



## CCOO ante o Día do Orgullo

# LGTBI+ 2019

**N**a madrugada do 28 de xuño de 1969, no coñecido pub neoiroquino Stonewall tivo lugar a sublevación contra a redada policial que deu orixe á reivindicación do movemento LGTBI+, e de alí trasladouse, de maneira case instantánea e xemelga, a outros países do mundo. Nese momento, púñanse as bases históricas das actuais mobilizacións do Orgullo.

Hoxe, en 2019, a Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans e Bisexuais (FELGTB), xunto con outras organizacións, asociacións e colectivos das diferentes cidades de España, queren rememorar ese momento e, especialmente, aquel activismo.

A Confederación Sindical de CCOO, como organización federada, vinculada e activista histórica da loita polos dereitos das persoas LGTBI+, abrazará, coma sempre, as reivindicacións deste ano, estando presente nas diferentes manifestacións que percorreren distintas cidades e vilas do noso país.

Pasaron 50 anos daquel suceso e é o momento de homenaxear o activismo de entón, as persoas que loitaron nunha sociedade hostil, homófoba, racista e misóxina. Grazas a elas, hoxe contamos con niveis de liberdade e dereitos nunca imaxinados.

# CCOO ante o Día do Orgullo **LGTBI+**

Aínda queda moito por loitar e, por iso, **CCOO reivindica** nos seus diferentes planos de intervención (diálogo social, negociación colectiva e mobilización social):

- Garantir a igualdade de oportunidades real, especialmente no mundo do traballo.
- Traballar na erradicación de situacións de rexeitamento, discriminación, violencia e acoso por motivos de orientación sexual, expresión e identidade de xénero. En definitiva, acabar coa LGTBifobia, con maior insistencia no mundo laboral.
- Velar pola igualdade de condicións laborais de todas as persoas traballadoras.
- Loitar polo recoñecemento de dereitos desde a inclusión da diversidade sexual, familiar e de xénero.

En definitiva, **CCOO aposta por unha lei estatal LGTBI+** que garanta unha esfera sociopolítica sen discriminación, sen desigualdade, sen acoso e sen violencia, onde se conforme un escenario democrático, plural e participativo no que todas as persoas poidamos ser, sentir e amar libremente.

- **Hoxe, en 2019,**  
**Con MAIOR Orgullo de Ser**
- **CCOO reivindica**  
**#AOTRABALLOSENARMARIOS**
- **Únete a nós**  
**#ENCLAVEARCOIRIS**

